

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL
EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL
CATORCE: - - - - -**

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

- D^a M^a Paz Lago Martínez**
- D. Salvador Durán Bermúdez**
- D^a M^a Isabel González Domínguez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D^a María Deza Martínez**
- D. Constantino Sanmartín Quiñones**
- D^a Almudena Aguíñ Fernández**
- D. Gonzalo Gonzalo Pita**
- D^a M^a Victoria González Serén**
- D^a M^a Esther Freijeiro Vázquez**
- D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo**
- D. José Buezas Méndez**
- D. Pablo Piñeiro Taboada**
- D. David Otero Domínguez**
- D^a Sandra Fernández Agraso**
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**

NON ASISTE:

D. José Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trinta e un de marzo de dous mil catorce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

ACTA ANTERIOR:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 13 E 27 DE XANEIRO DE 2014. Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas.--**

2º) PROPOSTA DA ALCALDIA DE DESESTIMACIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA SOBRE A DISOLUCIÓN DO ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL “XERENCIA DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO” E APROBACIÓN DEFINITIVA DA DISOLUCIÓN DO ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL “XERENCIA DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO” E DERROGACIÓN DOS SEUS ESTATUTOS. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Urbanismo do 27 de marzo de 2014** sobre esta proposta.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, en primeiro lugar deu o parabén aos pais e nais presentes na sesión pola súa loita. En canto á Xerencia mostrouse de acordo na desestimación da alegación, posto que todos os expedientes, aínda que se disolva aquela, deben seguir o seu trámite e manifestouse na mesma liña que na aprobación inicial, a favor da disolución dun órgano deficitario para diminuír gastos, chegando esta medida tres ou catro anos tarde. O inteviniente engadiu que era importante destacar a situación lamentable na que se deixa a Xerencia, cun mal servizo aos veciños, que non son tratados por igual e o que ía pasar a partir de agora, con dúbidas, inseguridade xurídica e mesmo algún técnico de baixa, preguntando se vai cambiar o funcionamento do servizo de urbanismo.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, felicitou as nais que reclamaron os seus dereitos no Pleno, destacando que pode haber unha proposta do goberno, pero non se sabe en que vai quedar, recordando que se pagan 1.5000.000 € por sentenzas urbanísticas, pero non se leva nada en concreto sobre as cantidades reclamadas. A inteviniente considerou a Xerencia como un fraude aos veciños, non só polo mal servizo prestado, con técnicos que informan sen indicar se é con carácter favorable ou desfavorable, senón polas sentenzas contrarias ao concello que custan diñeiro. Tamén aludiu a que se indicou que o vindeiro día 7 a Xerencia estará xa nas dependencias municipais e non coñecen o organigrama, nin como vai funcionar o servizo, lamentando que se actúe día a día e sen planificación, anunciando, por último, que votarían pola abstención.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que nas palabras da **Sra. Alcaldesa** antes do pleno sobre as reclamacións dos veciños, se recoñece que había partidas, pero non cartos, o que quere dicir que non significan nada os orzamentos, parecéndolle inquietante que se utilizase a palabra “intentarán” e que dependen do informe de fiscalización de Intevención, aludindo ao Plan de Axuste, que é do ano 2012, cando as cantidades esixidas son do 2010, rematando para dicir que se non pagaron esas cantidades foi

porque non quixeron.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que era doado facer demagogia e provocar aplausos, como ata agora fixo o **Sr. Otero Domínguez**, pero tamén había que preguntarse que realizou o **Bloque Nacionalista Galego** ata este momento sobre esta reclamación de cantidades, na que os veciños tiñan razón, aínda que tamén a podían ter solicitado antes. Finalmente indicou que agardaba que a partir deste momento se tratase sobre a orde do día.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, en primeiro lugar anunciou a incorporación, a partir da próxima semana, dun técnico interino e, a continuación, explicou que, cos informes correspondentes, se dictarían resolucións da alcaldía, levándose á Comisión de Urbanismo os asuntos que ata agora ían ao Consello da Xerencia. A continuación referiuse a que as sentenzas desfavorables viñan como consecuencia das interpretacións dos técnicos da normativa existente, sendo igual a estes efectos que existira ou non a Xerencia e rematou afirmando que non era certa a alusión realizada pola **Sra. Aguíñ Pombo** respecto de que os técnicos informaban sen precisar se era con carácter favorable ou desfavorable.

A **Sra. Aguíñ Pombo** manifestou que agora quedaba un pouco mais clara a situación, recordou que se levaba moi pouco ao Consello da Xerencia e que se resolvía case todo por resolución da Presidencia, engadindo que lles gustaría coñecer o organigrama dos técnicos que ían informar, porque tamén poderían aportar algo.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a que lle tomaba a palabra a **Sra. Deza Martínez**, respecto a que os asuntos do Consello da Xerencia pasaban á Comisión de Urbanismo e a que parecía que non había moita xente preocupada pola disolución deste ente, con técnicos e a súa Presidenta imputados por delitos graves, o que no era habitual nin normal, engadindo que tamén houbo sentenzas contrarias ao concello, con indemnizacións millonarias, sempre baixo un goberno do **Partido Popular** dende 1.999, sen que cambiase nada, cando houbo tempo mais que suficiente, dende o ano 2007, para disolvela.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** precisou que as competencias en urbanismo están reguladas por lei e agora non se vai inventar nada no concello, porque non se pode ir en contra daquela. Prosegiu dicindo que na disolución deste organismo estaban de acordo dende había moito tempo e levábao nun programa que se cumpre en 4 anos, porque non todas as cousas se poden facer da noite á mañá e que se sorprendía da facilidade coa que se falaba dos imputados, cando cre que mais dun pode deixar de estar nesa situación, debéndose agardar a que se pronuncie o xulgado, como pode ser con motivo da apertura do xuízo oral.

A **Sra. Alcaldesa** matizou que non lle molestaba que dixesen que estaba imputada porque era certo, pero a Xerencia non se pecha pola existencia de imputados, senón porque formaba parte do pacto do goberno de coalición e que se cumpriu unha vez que se fixeron determinadas tramitacións no organismo autónomo. A interviniente continuou dicindo que existe unha presunción de inocencia e que todos teñen dereito a defenderse, apuntando que dende os partidos da oposición se pide a dimisión cando os imputados son dos utros, non deles, así como que, cando falan de irregularidades, deben dicir nomes e apelidos. Tamén sinalou que os problemas non son da Xerencia, senón do concello e respecto do funcionamento na entidade local, dende a oposición xa deberían saber como se funciona aquí e que se fará tal e como di a lei, recordando que os diversos grupos políticos municipais estaban no Consello da Xerencia e tiñan acceso aos expedientes que alí

se tramitaban

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: desestimar a alegación presentada por **D. Fernando Martínez Barreiro**, en representación da entidade mercantil **“CONSTRUCCIONES BAMARTI, S.L.”**, mediante escrito presentado no rexistro de entrada da **Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo**, co número 66.

SEGUNDO: aprobar definitivamente a disolución do **Organismo Autónomo Local “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”** e a **derrogación dos seus estatutos**, facendo constar que, a partir da data de entrada en vigor da disolución do citado Organismo Autónomo Local, quedará extinguida a súa personalidade xurídica, sucedéndolle universalmente en todos os seus bens, dereitos e obrigas o **Concello de Sanxenxo**.

TERCEIRO: ordenar a publicación deste acordo no **Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra**, entrando en vigor a disolución do **Organismo Autónomo Local “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”** e a **derrogación dos seus estatutos**, unha vez que se realice a publicación citada neste punto do acordo e transcorra o prazo previsto no **Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.**”-----

3º) PROPOSICIÓN DA ALCALDIA RELATIVA Á PEZA SEPARADA DO EXPEDIENTE PRINCIPAL DE VERIFICACIÓN DE CONTROVERSIAS COA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, RELATIVA Á ASUNCIÓN DOS CUSTOS TARIFARIOS E OUTROS DA AUGA TOMADA DO RÍO UMIA PARA O SUBMINISTRO DE SANXENXO DO EXPEDIENTE PRINCIPAL. O **Sr. Secretario** deu lectura á proposición da Alcaldía que a continuación se transcribe literalmente:

“PEZA SEPARADA DO EXPEDIENTE PRINCIPAL DE VERIFICACIÓN DE CONTROVERSIAS COA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, RELATIVA Á ASUNCIÓN DOS CUSTOS TARIFARIOS E OUTROS DA AUGA TOMADA DO RÍO UMIA PARA O SUBMINISTRO DE SANXENXO DO EXPEDIENTE PRINCIPAL.

O instrutor do expediente de referencia fixo a proposta, con data 20/03/14, que a continuación

transcríbese:

“PROPOSTA DEFINITIVA DO INSTRUTOR DO EXPEDIENTE DE VERIFICACIÓN DE CONTROVERSIAS COA EMPRESA ESPINA&DELFIN S.L. CONCESIONARIA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Con data 24/02/14, este instrutor elaborou en relación o proxecto de proposta que literalmente dí:

“””””PROXECTO DEFINITIVO DE PROPOSTA DO INSTRUTOR DO EXPEDIENTE DE VERIFICACIÓN DE CONTROVERSIAS COA EMPRESA ESPINA&DELFIN S.L. CONCESIONARIA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Peza separada preferente sobre as tarifas de obtención do auga en alta no ría Umia.

Sobre esta cuestión hai dous asuntos diferenciados:

-Custo das obras de ampliación de abastecemento acordadas entre a Mancomunidade do Salnés e Augas de Galicia.

Dende 2007 ata o remate de 2011 a Mancomunidade do Salnés facturou trimestralmente unhas cantidades concretas pola “amortización das obras de desdoblamento da tubaría que abastece aos concellos de Sanxenxo e O Grove” a maiores do prezo da auga, fixado ata 2011 en 0,095 euros/m³. Nese período Espina&Delfín só abonou na mancomunidade o prezo da auga deixando pendente de pago as cantidades da amortización da obra que agora se adebedan á mancomunidade.

De acordo co ditame de data 13/01/13 elaborado polos letrados Barros Estévez/González Lojo Sáez a concesionaria da obra non ten a obriga de afrontar o custo da obra por non reflectirse estes supostos nos pregos de condicións nin tampouco no contrato inicial nin no prorrogado da concesión.

Propónse así que ás cantidades correspondentes á obra de mellora en 2007, 2008, 2009, 2010 e 2011 sexan asumidos polo Concello de Sanxenxo

-Novo custo tarifario da auga do río Umia en 2012 e 2013.

Para 2012 a mancomunidade aprobou unha ordenanza fiscal fixando o prezo da auga en 0,18 euros/m³ modificándose o prezo para 2013 que pasa a ser de 0,1785 euros/m³. Dos custos da auga dedúcese que destas cifras 0,033984 euros/m³ dende 01/01/12 ata 31/08/12, 0,034848 euros/m³ do 01/09/12 ata 31/12/12 (o IVE cambiou o 1 de setembro de 2013 do 18% ao 21%) e 0,035816 euros/m³ en 2013, imputanse á amortización da obra en cuestión.

Estes datos foron facilitados no día de hoxe pola Mancomunidade do Salnés con carácter definitivo, xuntando cadro das cifras que na tarifa corresponde á repercusión da obra en cuestión. Tamén indícase que a obra é amortizada dende o ano 2007 ata o ano 2027.

A pesar das subas, Espina&Delfín ven pagando en 2012 e 2013 os 0,095 euros/m³ na mancomunidade adebedándose a diferenza ata os 0,18 euros/m³ en 2012 e ata os 0,1785 euros/m³ en 2013.

Segundo o informe xurídico antes citado e analizados os pregos e os contratos, correspóndenlle á empresa concesionaria asumir con plenitude todos os custos da explotación dos servizos concedidos que comprende a facturación de subministros externos de auga de caudais alleos sexan do río Lérez ou do río Umia sen prexuízo de redactarse un informe pericial que estude a existencia ou non dun desequilibrio económico da concesión.

Porén, tendo en conta que sobre as tarifas fixados en 2012 e 2013, hai un parcial que corresponde á amortización da obra, propónse que as cantidades antes reflectidas de imputación da obra en cuestión sexan asumidos polo concello e a diferenza cos prezos definitivos sexa asumido pola empresa

concesionaria. ”””””

Dito proxecto foi notificado á mercantil o día 03/03/14 a efectos de alegacións e o mesmo día 7 do mes que andamos tivo entrada un primeiro escrito de Espina&Delfín. En dito escrito de alegacións houbo unha aceptación, pero condicionada, do proxecto de proposta de que a concesionaria asuma para, os anos 2011 e sucesivos, o pago da tarifa da Mancomunidade agás a cantidade que se imputa á obra de desdoblamento da tubaría que abastece aos concellos de Sanxenxo e O Grove realizada en 2007 e que se reflicte no proxecto de proposta xunto co desglose calculado pola propia mancomunidade. Fíxose referencia aos problemas económicos que se se viven na actualidade, solicitando que se autorizase un aprazamento, e ademais expuxéronse aspectos de que deben mesturarse outros procedementos de controversias porque a suba do auga podía afectar ao equilibrio económico da concesión. Remátouse dicindo que a obriga da empresa debe quedar en suspenso, en canto aos pagos á mancomunidade, mentres non se tramite o reequilibrio da concesión.

Como esta postura confusa de aceptación do proxecto de proposta, pero condicionada, introduciu aspectos que nada teñen que ver con esta peza separada na que só se trata de decidir o pago do prezo da auga do río Umia, solicitouse á empresa unha resposta clara e concisa sobre a aceptación no non do proxecto de proposta e decidindo se a empresa asume ou non ás obrigas de pago expostas para facer a proposta definitiva ao órgano que deba resolver o expediente.

Con data 19/03/14 comunicouse por parte da empresa con claridade a aceptación incondicionada do proxecto de proposta, solicitando ademais que se resolvan definitivamente no menor prazo posibel os expedientes das restantes controversias por se afectan ao equilibrio económico da concesión.

En consecuencia, o proxecto de proposta antes reflectido pasa a ser a proposta definitiva que se traslada á Intervención aos efectos oportunos.””

Dado que por parte do Sr. Interventor o día 26/03/14 emítase fiscalización positiva pero con reserva e de xeito condicionado, esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

-Resolver a “Peza separada do expediente principal de verificación de controversias coa empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable a domicilio, saneamento e depuración de augas residuais, relativó a asunción de custos tarifarios e outros da auga tomada do río Umia para o subministro de Sanxenxo do expediente principal”, no seguinte senso:

Primeiro: asumir as cantidades correspondentes da amortización das obras de ampliación de abastecemento de auga facturadas pola Mancomunidade do Salnés dende 2007 ata o remate de 2011 e que ascenden á cantidade de 178.880,41 euros. Ditas cantidade reflíctese no documento da Mancomunidade do Salnés anexo á proposta do instructor desglosada por meses e por anos.

Segundo: no que respecta ao incremento do prezo do m3 de abastecemento de auga do río Umia, consecuencia da aprobación pola Mancomunidade do Salnés dunha ordenanza fiscal en entrou en vigor o 01/01/12, o Concello de Sanxenxo, asumirá en concepto do importe que lle corresponde proporcionalmente pola execución da obra de ampliación do abastecemento de auga ao Salnés realizada pola referida mancomunidade, o exceso de prezo sobre a cantidade de 0,095 euros/m2 que viña aboando a empresa concesionaria nos seguintes termos:

-0,033984 euros/m3 dende o 01/01/12 ata o 31/08/12, IVE incluído.

-0,034848 euros/m3 dende o 01/09/12 ata o 31/12/12, IVE incluído.

-0.035816 euros/m3 para todo o ano 2013, IVE incluído.

Terceiro: De acordo co parágrafo anterior o Concello de Sanxenxo o concello asume 42.126,96 euros polo ano 2012 e 41.930,58 euros polo ano 2013 que fan un total de 84.057,54. Ditas cantidades reflíctense no documento da Mancomunidade do Salnés anexo á proposta do instructor desglosada por meses e por anos. En consecuencia o total a pagar polos anos 2007 a 2013 ascende a DOUSCENTOS SESENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES CON NOVENTA E CINCO EUROS (262.293).

Cuarto: a concesionaria do servizo de abastecemento de auga de Sanxenxo, Espina & Delfín S.L. asumirá a diferenza do exceso de prezo sobre a cantidade de 0.095 euros/m³ que non lle corresponde ao concello en virtude do citado no parágrafo segundo deste acordo.

Quinto: durante o período de amortización do custo das obras de ampliación do abastecemento de auga ao Salnés que remata en 2027, o Concello seguirá asumindo a cantidade que figura no parágrafo segundo deste acordo para 2013, coas alteracións que se produzan como consecuencia da variación do IPC e do IVE.

Sexto: que para asumir a cantidade total adebedada, consignarase a mesma do orzamento ordinario do 2014 ou nun expediente de modificación de créditos do actual que é o prorrogado de 2014, primariamente con maiores ingresos do IBI tanto das entregas a conta como das altas novas tramitadas, sen prexuízo de outras alternativas.

Sétimo: condicionar o presente acordo ao descrito nas condicións primeira a quinta, ámbalas dúas inclusive, que se reflicten nas páxinas número 2 e 3 do documento de “fiscalización sobre proposta de resolución da controversia coa empresa concesionaria relativa a asunción do coste tarifario do abastecemento de auga en alta procedente do río Umia” emitido o día de hoxe.”

A **Sra. Presidenta** someteu a votación a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día, ao non estar ditaminado pola respectiva Comisión Informativa, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito**, acordou ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, pediu unha explicación de porque esta controversia, que dura mais de dous anos, non pasou pola comisión informativa correspondente e precisou que votou a favor da urxencia porque se está a causar un prexuízo a Mancomunidade do Salnés. A continuación dixo que os 262.000 € tiñan que estar pagados, xa fose pola concesionaria ou polo concello e criticou o informe xurídico externo, cando xa se tiñan técnicos na casa, finalizando a súa intervención para comentar que non vía de todo xusto que algo que non pagan os usuarios, o aboen todos.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, aludiu a que, en mais dunha ocasión, fixeron dende o seu grupo a proposta de contratar unha auditoría externa, para coñecer en que situación se encontra este importante contrato, porque parece que a concesionario fixo o que lle deu a gana e non se aprobou a proposta, porque dende o goberno argumentaron que custaba moito diñeiro e agora figura no expediente un informe xurídico externo. Tamén citou que traen esta proposta por terceira vez, logo dos informes de fiscalización negativos de Intervención e tan só unha peza separada do expediente, concretamente a que afecta a Mancomunidade do Salnés, engadindo que non van votar a favor porque queren que se resolva todo o expediente, non só unha parte, para saber que pasa con este contrato, se debe o concello ou lle deben a el.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que o expediente estaba repleto de informes de Intervención, como se demostra nas distintas Contas Xerais que se tramitan e sempre denúncianse as mesmas cousas, concretamente que non estaba verificado o cumprimento pola concesionaria deste contrato e o goberno municipal non fai o que se debe e así infórmase pola Intervención Municipal, engadindo que non se está en condicións de afirmar se se están a cumprir todas e cada unha das cláusulas do contrato, intervindo neste momento a **Sra. Alcaldesa** para dicir que a quen lle corresponde facer a verificación económica do cumprimento do contrato e ao Interventor.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, recordou que esta concesión abrangue dende o ano 1995 ata 2019 e, no ano 2006, se realizou unha ampliación da canalización da auga procedente da Mancomunidade do Salnés, liquidándose trimestral e proporcionalmente a execución desta obra ao concello, ademais a partir de 2012, a citada entidade incrementou o prezo da auga, imputando parte deste aumento á amortización da obra. O concello xiroulle estas liquidacións á empresa concesionaria por entender que era a súa obriga, cuestión de carácter xurídico e non económico, necesitándose a emisión do informe correspondente, que interpretou que as inversións posteriores non lle correspondían ao concesionario, debendo desglosarse o importe do que procedía aboar a cada unha das partes, que se calculou en 262.000 € para o concello e o restante para a empresa concesionaria.

A **Sra. Aguíñ Pombo** comezou dicindo que comprendía ao **Sr. Guisasola Padín**, que bastante estaba a facer con este problema herdado e manifestou que se trata dun contrato con importantes efectos para as arcas municipais e no que a empresa concesionaria ninguneou ao concello, recordando que Intervención xa emitiu dos informes negativos e o actual ten reservas. A interviniente engadiu que o contratista lle debía diñeiro ao concello e dende o goberno o consentiron, posto que ata hai pouco non se realizou unha achega do concesionario e tampouco están claras as obras executadas por aquel, concluindo que os expedientes non se poden traer a anacos e que tamén puido levarse este asunto pola vía xudicial.

O **Sr. Otero Domínguez** referiuse á existencia de controversias concretas, que partían do ano 2006, cando se fixo a prórroga deste contrato e aludiu a que, se nese momento, se tivese tido todo en conta, ao mellor non habería este problema, preguntándose como esta empresa pode pechar as súas anualidades cando parte do seu resultado lle corresponde ao concello, dando a impresión de que a concesionaria se encontrou con situacións imprevistas e agora pretende financiarse a conta do concello, recordando que Intervención fixo constar a existencia de irregularidades e que dende o goberno se opuxeron a facer unha auditoria externa, estando ante unha situación complexa que non remata aquí, anunciando, por último, que non apoiaran este punto.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que tamén era unha contradición a crítica á existencia de informes externos, coa petición de que se faga unha auditoría deste carácter e sinalou que, ante o informe final do Interventor con reservas, logo dos anteriores, o goberno fixo o que tiña que facer, gobernar, aínda que non sexa doado. De seguido aludiu a que no ano 2006 non había porque facer a prórroga e non deberon quedar sen especificar as situacións que podían darse. Por último dixo que, se se debía un diñeiro, o mellor era pagalo canto antes, sen acudir a vía xudicial, para evitar aboar intereses e tendo en conta que, tal vez, era a concesionaria a que puido acudir a esa vía e non ao revés.

O **Sr. Guisasola Padín** explicou que a realización da auditoria externa supoñía un custo, que só

existiron dous informes de intervención, sendo o primeiro negativo porque faltaba documentación xustificativa da imputación de custos á concesionaria e ao concello. Polo que respecta ao contrato prorrogado manifestou que era practicamente igual ao anterior, cunha achega de mais de tres millóns de euros ao concello, que podía incrementarse en mais dun millón de euros se se chegaba a un número determinado de abonados.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que precisamente para resolver todas as controversias existentes coa concesionaria é polo que o 23 de agosto de 2012 se incoou o correspondente expediente, do que é instrutor o Tesoureiro, con varias pezas separadas, como a da Depuradora de Meaño, na que o concello xa vén aboando unhas cantidades, que pode dar lugar a unha devolución a este concello de mais de un millón de euros, como consecuencia do pleito existente entre o Concello de Meaño e a Xunta de Galicia, ou como a da auga da Mancomunidade do Salnés, logo da suba do seu prezo en alta, que non se trasladou aos veciños por entender que o pagamento lle correspondía á concesionaria. A interviniente continuo dicindo que o expediente o impulsa o goberno, pero o informe pediuno o Interventor dentro das súas competencias e que tamén existe unha peza separada sobre se se alcanzou o número de aboados necesario para que ao contratista lle corresponda pagar a cantidade a mais que figura na prórroga do contrato, aínda que está contrastado que non foi así. Finalmente indicou que xa podía resolverse a peza separada que vén a este pleno, unha vez comprobado que as obras a maiores non lle corresponden á concesionaria, esperando que se vote a favor da proposta, tendo en conta que neste concello, a pesar da suba da auga en alta, non se aumentou o importe a pagar polos veciños

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 6 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista do Concello de Sanxenxo).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“-Resolver a “Peza separada do expediente principal de verificación de controversias coa empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable a domicilio, saneamento e depuración de augas residuais, relativó a asunción de custos tarifarios e outros da auga tomada do río Umia para o subministro de Sanxenxo do expediente principal”, no seguinte senso:

PRIMEIRO: asumir as cantidades correspondentes da amortización das obras de ampliación de abastecemento de auga facturadas pola Mancomunidade do Salnés dende 2007 ata o remate de 2011 e que ascenden á cantidade de **178.880,41 euros**. Ditas cantidades reflíctense no documento da Mancomunidade do Salnés anexo á proposta do instrutor desglosada por meses e por anos.

SEGUNDO: no que respecta ao incremento do prezo do m3 de abastecemento de auga do

río Umia, consecuencia da aprobación pola **Mancomunidade do Salnés** dunha ordenanza fiscal en entrou en vigor o 01/01/12, o **Concello de Sanxenxo**, asumirá en concepto do importe que lle corresponde proporcionalmente pola execución da obra de ampliación do abastecemento de auga ao Salnés realizada pola referida mancomunidade, **o exceso de prezo sobre a cantidade de 0,095 euros/m²** que viña aboando a empresa concesionaria nos seguintes termos:

-0,033984 euros/m³ dende o 01/01/12 ata o 31/08/12, IVE incluído.

-0,034848 euros/m³ dende o 01/09/12 ata o 31/12/12, IVE incluído.

-0.035816 euros/m³ para todo o ano 2013, IVE incluído.

TERCEIRO: De acordo co parágrafo anterior o **Concello de Sanxenxo** o concello **asume 42.126,96 euros polo ano 2012 e 41.930,58 euros polo ano 2013 que fan un total de 84.057,54.** Ditas cantidades reflectense no documento da **Mancomunidade do Salnés** anexo á proposta do instrutor desglosada por meses e por anos. En consecuencia **o total a pagar polos anos 2007 a 2013 ascende a DOUSCENTOS SESENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES CON NOVENTA E CINCO EUROS (262.293).**

CUARTO: a concesionaria do servizo de abastecemento de auga de Sanxenxo, **Espina & Delfín S.L.** asumirá a diferenza do **exceso de prezo sobre a cantidade de 0.095 euros/m³** que non lle corresponde ao concello en virtude do citado no parágrafo segundo deste acordo.

QUINTO: durante o período de amortización do custo das obras de ampliación do abastecemento de auga ao Salnés que remata en 2027, o **Concello seguirá asumindo a cantidade que figura no parágrafo segundo deste acordo para 2013**, coas alteracións que se produzan como consecuencia da variación do IPC e do IVE.

SEXTO: que para asumir a cantidade total adebedada, consignarase a mesma do orzamento ordinario do 2014 ou nun expediente de modificación de créditos do actual que é o prorrogado de 2014, primariamente con maiores ingresos do IBI tanto das entregas a conta como das altas novas tramitadas, sen prexuízo de outras alternativas.

SÉTIMO: condicionar o presente acordo ao descrito nas condicións primeira a quinta, ámbalas dúas inclusive, que se reflecten nas páxinas número 2 e 3 do documento de “fiscalización sobre proposta de resolución da controversia coa empresa concesionaria relativa a asunción do coste tarifario do abastecemento de auga en alta procedente do río Umia” emitido o día de hoxe.”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

4º) DACIÓN CONTA DO INFORME DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE DO 4º TRIMESTRE DE 2013. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o informe de intervención sobre o seguimento do plan de axuste do 4º trimestre de 2013, remitido á **Alcaldía**, para a súa elevación ao Pleno, mediante escrito do **Interventor** de data 03 de febreiro de 2014, rexistrado de entrada co número 645, no que se indica que se remitiu ao Ministerio de Facenda e Administracións e que a continuación se transcribe literalmente:

“

INFORME EXPLICATIVO SOBRE EL SEGUIMIENTO DEL PLAN DE AJUSTE CONTEMPLADO EN EL REAL DECRETO LEY 4/2012, DE 24 DE FEBRERO (actualización al cuarto trimestre de 2.013):

I.-ANTECEDENTES:

Este Ayuntamiento ha efectuado un Plan de Ajuste al que se refiere el artículo 7º del **Real Decreto Ley 4/2012, de 24 de febrero**, que regula el mecanismo de pago a proveedores.

Dicho Plan de Ajuste, informado previamente por la Intervención Local, fue aprobado por el Pleno de la Corporación y autorizado por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

En virtud de dicho Plan de Ajuste el Ayuntamiento de Sanxenxo, concertó una operación de endeudamiento de las contempladas en el artículo 10 del Real Decreto Ley 4/2012, de 24 de febrero, por importe de **5.059.306,98 €** (sensiblemente inferior a la cifra máxima prevista en el Plan que era de 6.000.000,00 €). La entidad financiera colaboradora del Fondo de Financiación Estatal es el BBVA.

II.-NORMATIVA APLICABLE:

Artículo 7. Plan de ajuste: “1. Una vez remitida la relación certificada prevista en el artículo 3, el interventor, en caso de no haberse efectuado el pago de las obligaciones reconocidas, elevará al pleno de la corporación local un plan de ajuste, en los términos previstos en este artículo, para su aprobación antes del 31 de marzo de 2012

2. El plan de ajuste aprobado se extenderá durante el período de amortización previsto para la operación de endeudamiento establecida en el artículo 10, debiendo los presupuestos generales anuales que se aprueben durante el mismo, ser consistentes con el mencionado plan de ajuste. En todo caso, el contenido del citado plan deberá cumplir los siguientes requisitos:

- a) Recoger ingresos corrientes suficientes para financiar sus gastos corrientes y la amortización de las operaciones de endeudamiento, incluida la que se formalice en el marco de la presente norma;
- b) Las previsiones de ingresos corrientes que contenga deberán ser consistentes con la evolución de los ingresos efectivamente obtenidos por la respectiva entidad local en los ejercicios 2009 a 2011;
- c) Una adecuada financiación de los servicios públicos prestados mediante tasa o precios públicos, para lo que deberán incluir información suficiente del coste de los servicios públicos y su financiación;
- d) Recoger la descripción y el calendario de aplicación de las reformas estructurales que se vayan a implementar así como las medidas de reducción de cargas administrativas a ciudadanos y empresas que se vayan a adoptar en los términos que se establezcan por Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos;
- e) Cualesquiera otros requisitos que se establezcan por Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos.

3. El Plan de ajuste podrá incluir modificación de la organización de la corporación local.

4. El plan de ajuste deberá remitirse por la entidad local el día siguiente de su aprobación por el pleno al órgano competente del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, por vía telemática y con firma electrónica, quien realizará una valoración del plan presentado, y se la comunicará a la entidad local en un plazo de 30 días naturales a contar desde la recepción del plan. Transcurrido dicho plazo sin comunicación de la citada valoración, ésta se considerará desfavorable.

5. Valorado favorablemente el plan de ajuste se entenderá autorizada la operación de endeudamiento prevista en el artículo 10.”

2º.-REAL DECRETO LEY 7/2012, DE 9 DE MARZO:

TÍTULO III. Seguimiento del Plan de ajuste.-Artículo 10. Obligaciones de información de Entidades Locales: “Con carácter general, las Entidades locales que concierten las operaciones de endeudamiento previstas en este real decreto-ley, deberán presentar anualmente al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas un informe del interventor sobre la ejecución de los planes de ajuste contemplados en el [artículo 7](#) del Real Decreto-ley 4/2012, de 24 de febrero.

En el caso de las Entidades locales incluidas en el ámbito subjetivo definido en los [artículos 111 y 135](#) del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se deberá presentar el informe anterior con periodicidad trimestral.

Del informe del interventor se dará cuenta al Pleno de la Corporación Local. Dicho informe, cuyo contenido se determinará reglamentariamente, se someterá a requerimiento del Ministerio de Hacienda y

Administraciones Públicas, a la valoración por los órganos competentes de éste, que informarán del resultado de dicha valoración al Ministerio de Economía y Competitividad.

Asimismo, con el fin de garantizar el reembolso de las cantidades derivadas de las operaciones de endeudamiento concertadas, las Entidades locales que las hayan concertado podrán ser sometidas a actuaciones de control por parte de la Intervención General de la Administración del Estado.

La Intervención General concretará los controles a realizar y su alcance, en función del riesgo que se derive del resultado de la valoración de los informes de seguimiento. Para la ejecución de dichas actuaciones de control, la Intervención General podrá recabar la colaboración de otros órganos públicos y de empresas privadas de auditoría, que deberán ajustarse a las normas e instrucciones que determine aquélla. La financiación necesaria para ello se realizará con cargo a los recursos del Fondo.”

Disposición Adicional tercera. Aplicación del mecanismo de financiación para el pago a proveedores de las entidades locales: “5. El plan de ajuste regulado en el [artículo 7](#) del Real Decreto-ley 4/2012, de 24 de febrero, se elaborará por las respectivas corporaciones locales, de acuerdo con su potestad de auto organización, y se presentará, con informe del interventor, para su aprobación por el pleno de la corporación local.”

3º.-ORDEN HAP/53/2012, DE 9 DE MARZO: Anexo III.

4º.-ORDEN HAP/2105/2010, de 1 de octubre:

CAPÍTULO IV. Obligaciones de suministro de información en el ámbito de las Corporaciones Locales.

Artículo 15. Obligaciones anuales de suministro de información: “Con carácter anual se remitirá la siguiente información:

1. Antes del 1 de octubre de cada año:

- a) Las líneas fundamentales de los Presupuestos para el ejercicio siguiente o de los estados financieros.*
- b) El estado de previsión de movimiento y situación de la deuda.*
- c) La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos de las líneas fundamentales del Presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.*
- d) El informe de la intervención de evaluación del cumplimiento del objetivo de estabilidad, de la regla del gasto y del límite de deuda.*

2. Antes del 31 de enero de cada año:

a) Los presupuestos aprobados y los estados financieros iniciales de todos los sujetos y entidades comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Orden, de las inversiones previstas realizar en ejercicio y en los tres siguientes, con su correspondiente propuesta de financiación y los estados de previsión de movimiento y situación de la deuda.

Si a 31 de enero no se hubiera aprobado el Presupuesto, deberá remitirse el prorrogado con las modificaciones derivadas de las normas reguladoras de la prórroga, hasta la entrada en vigor del nuevo Presupuesto.

- b) La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.*
- c) El informe de la intervención de evaluación del cumplimiento del objetivo de estabilidad, de la regla de gasto y del límite de la deuda.*
- d) La información relativa a personal recogida en los apartados 1 y 2 del artículo 7.*

3. Antes del 31 de marzo del año siguiente al ejercicio en que vayan referidas las liquidaciones:

- a) Los presupuestos liquidados y las cuentas anuales formuladas por los sujetos y entidades sometidos al Plan General de Contabilidad de Empresas o a sus adaptaciones sectoriales, con sus anexos y estados complementarios.*
- b) Las obligaciones frente a terceros, vencidas, líquidas, exigibles no imputadas a presupuesto.*
- c) La situación a 31 de diciembre del ejercicio anterior de la deuda viva, incluidos los cuadros de amortización.*
- d) La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del Presupuesto con*

la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.

e) El informe de la intervención de evaluación del cumplimiento del objetivo de estabilidad, de la regla de gasto y del límite de la deuda.

4. Con anterioridad a 31 de octubre del año siguiente al ejercicio al que vayan referidas las liquidaciones, se remitirá:

a) Las cuentas anuales aprobadas por la junta general de accionistas u órgano competente, acompañadas, en su caso, del informe de auditoría, de todos los sujetos y entidades comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Orden.

b) La copia de la cuenta general así como los documentos adicionales precisos para obtener la siguiente información: liquidación del presupuesto completa, detalle de operaciones no presupuestarias, estado de la deuda, incluida la deuda aplazada en convenio con otras Administraciones Públicas y avales otorgados.

c) La información relativa a personal recogida en los apartados 1 y 2 del artículo 7°.

Artículo 16. Obligaciones trimestrales de suministro de información: “Antes del último día del mes siguiente a la finalización de cada trimestre del año se remitirá la siguiente información:

1. La actualización de los presupuestos en ejecución, incorporadas las modificaciones presupuestarias ya tramitadas y/o las previstas tramitar hasta final de año, y de las previsiones de ingresos y gastos de las entidades sujetas al Plan general de Contabilidad de Empresas o a sus adaptaciones sectoriales, y sus estados complementarios.

2. Las obligaciones frente a terceros, vencidas, líquidas, exigibles, no imputadas a presupuesto.

3. La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.

4. La actualización del informe de la intervención del cumplimiento del objetivo de estabilidad, de la regla de gasto y del límite de la deuda.

5. Un resumen del estado de ejecución del presupuesto acumulado a final de cada trimestre, de los ingresos y gastos del presupuesto, y de sus estados complementarios, con indicación de los derechos recaudados del ejercicio corriente y de los ejercicios cerrados y las desviaciones respecto a las previsiones.

Los estados de ejecución, para el mismo período, de los ingresos y gastos, para las entidades sujetas al Plan General de Contabilidad de Empresas o a sus adaptaciones sectoriales.

6. La situación de los compromisos de gastos plurianuales y la ejecución del anexo de inversiones y su financiación.

7. El informe trimestral, regulado en el artículo 4 de la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

8. Las actualizaciones de su Plan de tesorería y detalle de las operaciones de deuda viva que contendrá al menos información relativa a:

a) Calendario y presupuesto de Tesorería que contenga sus cobros y pagos mensuales por rúbricas incluyendo la previsión de su mínimo mensual de tesorería.

b) Previsión mensual de ingresos.

c) Saldo de deuda viva.

d) Impacto de las medidas de ahorro y medidas de ingresos previstas y calendario previsto de impacto en presupuesto.

e) Vencimientos mensuales de deuda a corto y largo plazo.

f) Calendario y cuantías de necesidades de endeudamiento.

g) Evolución del saldo de las obligaciones reconocidas pendientes de pago tanto del ejercicio corriente como de los años anteriores.

h) Perfil de vencimientos de la deuda de los próximos diez años.

9. Los datos de ejecución previstos en los apartados 1 y 2 del artículo 7 relativos a las unidades integrantes del sector Administraciones Públicas de la contabilidad nacional así como el número de efectivos referidos al último día del trimestre anterior”.

Artículo 17. Obligaciones no periódicas de suministro de información referidas a operaciones de préstamo y emisiones de deuda: “En el plazo máximo de un mes desde que se suscriba, cancele o

modifique, una operación de préstamo, crédito o emisiones de deuda, en todas sus modalidades, los avales y garantías prestados en cualquier clase de crédito, las operaciones de arrendamiento financiero, así como cualesquiera otras que afecten a la posición financiera futura, concertadas por las Corporaciones Locales o sus entidades dependientes incluidas en el ámbito subjetivo de esta Orden, se comunicará al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas las condiciones de la operación y su cuadro de amortización”.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

No que respecta CUARTO trimestre de 2013 tense avanzado neste cumprimento, ao descender significativa pero insuficientemente o período medio de pago, mellorando os datos do último trimestre.

Non obstante, todavía non se acadou o cumprimento estricto dos termos legais esixibles.

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia.

Sanxenxo, 11 de febreiro de 2014.””

CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	4	AÑO	2013
CONCELLO		Pagos realizados en el trimestre			
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	

	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	59,95	41,83	19,00	119.944,79	23,00	339.737,10
Art. 21	111,90	101,89	21,00	14.249,02	82,00	61.662,06
Art. 22	146,60	136,78	70,00	75.164,39	386,00	463.239,51
Art. 23	56,46	26,46	0,00	0,00	2,00	1.203,00
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	57,12	70,90	10,00	73.895,65	6,00	76.747,83
				283.253,85		942.589,50
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	66	8.517,39				
Inversiones	6	682,98				
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		9.200,37				0,00
CONCELLO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	25,52	37,81	5,00	263.250,04	5,00	158.889,87
Art. 21	95,83	94,89	21,00	10.936,98	38,00	32.627,05
Art. 22	118,29	109,11	165,00	105.345,66	1.068,00	530.224,16
Art. 23	57,69	47,00	1,00	243,74	1,00	728,16
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	3,82		10,00	44.399,10		
				424.175,52		722.469,24
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			

	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	10,78		5,00	15.979,96		
Cap. 6	33,00		1,00	1.854,66		
				17.834,62		

OA "TERRA DE SANXENXO" :

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	4	AÑO	2013
TERRA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	103,09	74,40	2,00	2.662,00	15,00	155.378,70
Art. 21	36,59	9,86	9,00	5.403,15	28,00	23.230,45
Art. 22	70,90	49,34	17,00	22.694,38	129,00	133.819,41
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	45,86	15,86			3,00	3.073,27
				30.759,53		315.501,83
			Intereses demora pagados en el período			
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes	32	4.178,73				
Inversiones	1	40,30				
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		4.219,03				0,00
TERRA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	83,80	63,89	2,00	39.551,19	16,00	325.573,92
Art. 21	39,14	20,22	10,00	1.661,62	11,00	3.588,36
Art. 22	96,81	82,57	55,00	38.249,51	159,00	202.080,98

Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	4,62		2,00	17.527,80		
				96.990,12		531.243,26
TERRA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	298,98		3,00	5.256,60		
Cap. 6						
				5.256,60		

OA "XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO":

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	4	AÑO	2013		
XERENCIA	Pagos realizados en el trimestre					
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago			
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	31,25	12,50	2,00	3.349,98	2,00	3.349,98
Art. 21	44,74	26,44	1,00	513,03	3,00	953,67
Art. 22	29,01	28,05	7,00	4.682,15	8,00	1.133,67
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				8.545,16		5.437,32
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00

XERENCIA							Pendiente de pago			
							Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total				
Art. 20										
Art. 21										
Art. 22	26,63	1,37	3,00	917,53	2,00	3.869,53				
Art. 23										
Art. 24										
Art. 26										
Art. 27										
2 sin desagregar										
Cap. 6										
				917,53		3.869,53				
XERENCIA							Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total						
Cap. 2	364,45		6,00	30.816,59						
Cap. 6										
				30.816,59						

“NAUTA SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	4	AÑO	2013	
NAUTA						
Pagos realizados en el trimestre						
Dentro período legal pago						
Fuera período legal pago						
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	37,55	39,52	55,00	131.998,75	56,00	116.801,67
Inmovilizado (2)	77,00	47,00			2,00	7.224,88
Sin desagregar						
Total				131.998,75		124.026,55
NAUTA						
Pendiente de pago						

	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
			Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	14,55		9,00	8.516,44		
Inmovilizado (2)	11,00		1,00	11.495,00		
Sin desagregar						
Total				20.011,44		0,00

“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	4	AÑO	2013		
INSULA	Pagos realizados en el trimestre					
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago			
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	62,50	136,00	3,00	242,01	1,00	80,67
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				242,01		80,67
INSULA	Pendiente de pago					
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago			
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)						
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		0,00

“TURISMO DE SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	4	AÑO	2013
TURISMO	Pagos realizados en el trimestre			

			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	5,43		15,00	33.855,68		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				33.855,68		0,00
TURISMO						
			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	119,17	75,49			10,00	9.818,28
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		9.818,28

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 28 DE FEBREIRO DE 2014 SOBRE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA DO ANO 2013. O Sr. Secretario dá conta do decreto do 28 de febreiro de 2014 sobre a aprobación da liquidación consolidada dos presupostos de 2013, que a continuación se transcribe literalmente literalmente:

“En virtude das miñas competencias como alcalde-presidenta descritas no artigo 191, paragrafo 3º do R.D.L 2/2.004 de 5 de marzo e visto o informe da intervención xeral de data 27 de febreiro de 2014, RESOLVO:

REFERENCIAS BÁSICAS DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DE 2013 EN CONSOLIDACIÓN (extraídas do informe da Intervención Xeral):

RESULTADOS EN CONSOLIDACIÓN 2013

V.2.A.-RESULTADO PRESUPUESTARIO 2013

Ingresos	Gastos	Desviaciones + -	Desviaciones ns -	Obrigas Remanentes	RESULTADOS
----------	--------	------------------------	----------------------	-----------------------	------------

Entidad Local	17.731.207,29	16.581.553,93	0,00	0,00	0,00	1.149.653,36
OO.AA. Terra	4.026.469,01	4.026.469,01	0,00	0,00	10.087,18	10.087,18
OO.AA. Xerencia	1.430.683,74	1.430.806,58	0,00	122,84	0,00	0,00
Ínsula	0,00	883,64	0,00	0,00	0,00	-883,64
Turismo	3.000,00	63.247,76	0,00	0,00	0,00	--60.247,76
Eliminacións	4.068.066,83	4.068.066,83	0,00	0,00	0,00	0,00
CONSOLIDADO	19.123.293,21	18.034.894,09	0,00	122,84	10.087,18	1.098.609,14

O RESULTADO PRESUPOSTARIO EN CONSOLIDACIÓN DE TOSOS OS ENTES QUE CONFORMAN O SUBSECTOR CORPORACIÓNs LOCAIS CONFORME O SEC95 E POSITIVO.

V.2.B.-REMANENTE DE TESORERÍA CONSOLIDADO 2013

REMANENTE DE TESOURERIA CONSOLIDADO 2011	E. Local		Sumas E.L.	O.A. Terra	Sumas Terra	Xerencia
1. DEREITOS PENDENTES DE COBRO (A + B + C + D)		1	5.956.642,06		1.876.294,21	1.
A) ORZAMENTO CORRENTE (430 + 433 + 437)	1.181.125,50			1.564.088,82		419.655,19
B) ORZAMENTOS PECHADOS (431 + 434 + 439)	4.560.556,50			294.187,60		889.355,61
C) NON ORZAMENTARIOS (449+565+470+440)	407.377,04			18.017,79		0,00
D) PARTIDAS PENDENTES DE INGRESO (554)	-192.416,98			0,00		0,00
2. + para insolvencias (490 EHA)		2	4.169.309,15		217.447,38	
3. OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		3	7.748.316,09		1.066.851,16	1.
A) ORZAMENTO CORRENTE (400)	3.578.345,43			817.545,65		13.679,19
B) ORZAMENTO PECHADOS (401)	2.134.240,53			173.308,01		23.912,97
C) Partidas pendentes Aplicación (555)	-56.415,88			-3.566,00		0,00
d) Provisións para anticipos de caixa fixa (558)	0,00			0,00		0,00
D) NON ORZAMENTARIAS (410 + 419 + 47 + 522 + 56)	2.092.146,01			79.563,50		1.137.875,61
	7.748.316,09			1.066.851,16		1.175.467,67
4. FONDOS LIQUIDOS DE TESOURERIA (57)		4	496.985,62		37.771,09	1.
REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1 - 3 + 4)			- 1.294.688,41		847.214,14	1.
REMANENTE AFECTO A GASTOS XERAIS			- 5.463.997,56		600.776,74	-
Exceso financiamento			0,00		28.990,02	1.

V.2.C.-OBJECTIVOS DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA. Principio de caixa todo o capítulo III. Exercicio 2013

CONSOLIDADO	2013
AVALIACIÓN DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E/OU OBXETIVOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	
1. Dereitos recoñecidos (D 430 - H 433)	19.123.293,21
2. Obrigas recoñecidas netas (H 400)	16.979.713,68

CONSOLIDADO	2013	
3. Resultado orzamentario (1 - 2)		
I.Dereitos recoñecidos netos (I, II e III)	-	
II. Ingresos líquidos capítulos I, II e III corrente	+	
III. Ingresos líquidos capítulos I, II e III pechados	+	1
	+	
	-	
	+	
VII. Axuste por liquidación PTE 2008	+	
VIII. Axuste por liquidación PTE 2009	+	
	+	
X. Dereitos recoñecidos netos participación tributos estado	-	
XI. Ingreso efectivo participación tributos estado no exercicio (CTE+PECH)	+	
XII. Dereitos recoñecidos netos fondo cooperación local	-	
XIII. Ingreso efectivo fondo cooperación local no exercicio (CTE+PECH)	+	
XIV. Gastos extraxudiciais no exercicio de anos anteriores	+	
XV. Gastos extraxudiciais recoñecidos no exercicio seguinte	-	
4. Resultado orzamentario axustado (3 - 4 + 5 + 6 + 7)		
Porcentaxe (déficit máximo permitido 4,39 %)		NON PR
Axustes en dereitos (II+III-V+VII+VIII-X+XI-XII+XIII-I)		
Axustes en obrigas (XV-XIV)		
Dereitos con axustes		
Obrigas con axustes		

RESOLVO: Darlle aprobación á liquidación de cada un dos presupostos separados que integran o xeral da anualidade de 2013.

1. Dar aprobación a liquidación consolidada de 2013.
2. De acordo ó disposto no artigo 193, parágrafo 4º do artigo 4 do RDL 2/2.004 darase conta ó Pleno na próxima sesión que celebre.
3. De acordo ó disposto no artigo 193, parágrafo 5 remitirase copia da liquidación á administración do Estado e da Comunidade Autónoma no menor prazo posible.
4. Eleva-lo informe sobre avaliación da estabilidade presupostaría elaborada pola intervención, ao Pleno da Corporación e aos organismos pertinentes.

Dado en Sanxenxo a vinte e oito de febreiro de dous mil catorce.”

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA AVALIACIÓN DA CONSOLIDACIÓN FISCAL RELATIVA AO ORZAMENTO DE 2014 PRORROGADO. O Sr. Secretario da conta do escrito do 20 de marzo de 2014 da intervención xeral á Presidencia do pleno do Concello de Sanxenxo no que literalmente se indica o seguinte:

“Achégase avaliación da consolidación fiscal relativa ao orzamento de 2014 prorrogado, que se remitiu ao Ministerio de facenda e administracións públicas con data 20.03.14.

Cúmprense os obxectivos de estabilidade orzamentaria e a taxa máxima de variación do gasto computable da regra do gasto en cada orzamento separado e en consolidación.

Datouse o relativo as previsións das entidades mercantís dependentes.

Achéganse anexos sobre as avaliacións así como o resgardo telemático de remisión.

Co rogo da súa elevación ao Pleno da corporación para constancia, de acordo ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro.”

Adxunto a este escrito figuran 4 documentos de resgardo telemático da remisión que se numeran do 1 ao 4, e 11 folios anexos, tamén numerados, sobre avaliacións conforme ao modelo da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO MARCO ORZAMENTARIO DE ESCENARIO TEMPORAL ANUAL A MEDIO PRAZO 2014/2017. O Sr. Secretario da conta do escrito presentado pola intervención no rexistro xeral do concello o día 20 de marzo de 2014 (número 1623) que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégolle a vostede fe da remisión ao Ministerio de facenda e administracións públicas, no día de hoxe, do marco orzamentario a medio prazo (2014-2017), a través da plataforma informática da oficina virtual das entidades locais na páxina web do ministerio.

Coa finalidade da súa elevación ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.

O mencionado marco orzamentario elaborouse sobre a base das seguintes especificacións:

“El presente marco presupuestario se ha realizado tomando como base, para el año 2014, el presupuesto aprobado por el Pleno de la Corporación, y para las anualidades 2015-2017 el plan de ajuste aprobado por el Pleno de la Corporación, en el año 2012, y validado por el ministerio, con las lógicas adaptaciones, que, sucintamente, son:

A) Del lado de los ingresos

1º. En cuanto al IBI, se prevé en vigor la entrada en vigor de la nueva ponencia de valores para el ejercicio 2015 o 2016; asimismo el impacto del R.D.Ley 20/2011.

2º. Están en marcha medidas de inspección fiscal, en especial, en materia de IBI e ICIO.

3º. El ICIO se mantiene conforme el plan de ajuste y pasa a ser un ingreso afectado a superávit, reservas, provisiones o responsabilidades indemnizatorias, tal y como se ha establecido en el plan de ajuste y bases de ejecución del presupuesto vigente.

4º. Las provisiones del capítulo III, IV, V, VI y VII se mantienen en los criterios del marco del plan de

ajuste, con la especificidad de la prohibición de presupuestación inicial de subvenciones corrientes o de capital, que deberán ser incorporadas al presupuesto mediante modificación presupuestaria, una vez confirmadas.

5º. Se mantiene la prohibición del recurso al endeudamiento a largo plazo durante todo el escenario del plan de ajuste, es decir, hasta 2022 incluido.

B) Del lado de los gastos

1º. El gasto de personal de 2014 se presupuesta conforme el presupuesto prorrogado por el Pleno; para las anualidades 2015-2017 se toma como base el presupuesto de 2014 prorrogado, que asume la subrogación del personal del servicio de limpieza y conserjerías (contrato externo suprimido) y decrementado por las amortizaciones de plazas por jubilación y otras causas, previstas o no en el plan de ajuste, y efectivas en el bienio 2012-2013.

2º. En cuanto a gasto corriente se toma como referencia para el 2014 el presupuesto prorrogado y para las restantes anualidades la base del plan de ajuste. Asimismo se actualizan las cantidades del plan quinquenal 2013-2017 de devolución de cantidad dineraria derivada de ejecutoria judicial en materia urbanística.

3º. En el capítulo III se actualiza el importe de las anualidades 2014-2017 por el efecto de la ejecutoria anteriormente mencionada y ello en lo que respecta a los intereses de demora devengados. Por lo demás se mantiene lo preciso para el servicio de la deuda en los términos del marco del plan de ajuste.

4º. Los capítulos IV y VII se mantienen en los términos del plan de ajuste, de poder viabilizarse como gasto voluntario, sin perjuicio de las transferencias a entes dependientes. Se exceptúa una transferencia de capital a favor de la empresa estatal ACUAES de 318.103,54 euros por ejecución de obras hidráulicas.

5º. No se prevén gastos derivados de activos financieros.

6º. El gasto en pasivos financieros se mantiene en los términos del marco del plan de ajuste para hacer frente al servicio de la deuda a largo plazo.

7º. O gasto resultante corriente increméntase un 0,3 % (IPC 2013) para as anualidades de 2015, 2016 e 2017.

Se especifican las medidas del lado de los ingresos y de los gastos concordantes con el plan de ajuste.”

A mencionada obriga garda concordancia co disposto no artigo 29 da Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, que literalmente di:

“Artículo 29. Marco presupuestario a medio plazo

1. Las administraciones públicas elaborarán un marco presupuestario a medio plazo en el que se enmarcará la elaboración de sus presupuestos anuales y a través del cual se garantizará una programación presupuestaria coherente con los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública.
2. Los marcos presupuestarios a medio plazo abarcarán un período mínimo de tres años y contendrán, entre otros parámetros:
 - a) Los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública de las respectivas administraciones públicas
 - b) Las proyecciones de las principales partidas de ingresos y gastos teniendo en cuenta tanto su evolución tendencial, es decir, basada en políticas no sujetas a modificaciones, como el impacto de las medidas previstas para el período considerado.
 - c) Los principales supuestos en los que se basan dichas proyecciones de ingresos y gastos.
3. Los marcos presupuestarios servirán de base para la elaboración del programa de estabilidad.”

Xunto a este escrito figura outro do mesmo día e con rexistro de entrada número 1622, sobre a remisión telemática dos cuestionarios ao ministerio (numerados do 1 ao 10).

A Corporación deuse por enterada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 13 DE XANEIRO AO 17 DE MARZO DE 2014 (DE RES. Nº 23/14 Á Nº 251/14). A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 13 de xaneiro ao 17 de marzo de 2014**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL PARA ACORDAR A ASIGNACIÓN DUNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS PARA FACER EFECTIVO O PAGAMENTO DAS AXUDAS PARA FAMILIAS CON FILLOS MENORES DE TRES ANOS OU CON DISCAPACIDADE. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

”Os concejales integrantes do Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 31 de MARZO de 2014 a seguinte MOCIÓN URXENTE;

ANTECEDENTES

Os beneficiarios do “PLAN DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA FAMILIAS CON FILLOS MENORES DE TRES ANOS OU CON DISCAPACIDADE” están mostrando a súa desconformidade e incompreensión co retraso que estan a padecer dende o ano 2010, ultimo ano en que se ofrecen estas axudas por parte do concello que vostede preside e no que incompreensiblemente se abriu o prazo de presentación de documentación en outubro dese ano, ou sexa, cando xa case o exercicio economico rematara.

Nos orzamentos do ano 2011 non se aprobou unha partida orzamentaria para a execución destas axudas, deixándonos pendente o abono das mesmas como beneficiarios. Pero non solo isto, se non que nese ano o goberno do PP convocou as “AXUDAS A MATERIAL ESCOLAR” que finalmente o concello tampouco abonou.

No ano 2012 aprobouse o plan de AXUSTE, e non solo se esqueceron dos usuarios que solicitaron esta axuda, se non que a preguntas de Sanxenxo Agrupación Liberal S.A.L. no pleno do día 29-07-2013, a cal textualmente di –dende os servizos sociais se puxo a disposición dos pais unhas axudas para nenos menores de tres anos e unhas axudas para a compra de material escolar e para o curso escolar 2011-2012 estando pendentes de cobro. ¿cal e o motivo do seu retraso e en que situación se atopa o seu tramite?. A Sra. Deza Martínez, voceira do grupo municipal do Partido Popular, contestou que non houbo atraso, xa que non estaban concedidas.

Estes pais e nais aquí presentes non entenden o retraso permanente que estan a padecer nin esas mentiras con respecto as axudas que o seu grupo de goberno aprobou no seu momento. Por que durante catro e tres anos, respectivamente, cando acudiron a servizos sociais, sempre se lles dixo que tiñan as

axudas aprobadas e que ivan a cobrar, e logo as escusas de goberno mal pagador de sempre: “neste ano non puido ser”, “a ver para o próximo ano”....e así durante estes anos.

Quizais vostede queira esquivar as súas responsabilidades chegados a este punto e votarlle a culpa ao departamento de asuntos sociais, pero resulta que dende o correo web da alcaldía, [_Alcaldía.org_](#), foron remitidos varios e-mail en decembro do ano 2012, lamentando a falta de pago nese mesmo ano e que, cito textualmente_, seguen pendentes e serán PROXIMAMENTE abonadas no 2013.

Logo en xaneiro de 2013, pois a mesma letanía de sempre, que non había partida orzamentaria do 2012 pero que se ia habilitar unha partida nos orzamentos dese ano, de tal xeito que, e volvo citar textualmente, _si lle han concedido a axuda, esta será liquidada na execución do mesmo_.

Queremos facer fincapé aquí en que estas “AXUDAS POR FILLO A CARGO” non eran o cheque bebe de Zapatero polo cal se abonada indiscriminadamente unha cantidade por fillo nacido, independentemente da renda familiar, e polo tanto se lle concedían a calquera familia con independencia de se eran mariñeiros, médicos, funcionarios ou millonarios, se non que era unha liña de axudas municipais e polo tanto responsabilidade única do goberno local, orientadas a axudar as familias con menos ingresos e nas que, para poder ter acceso, se esixían loxicamente un nivel baixo de renda.

POR ULTIMO QUEREMOS RESALTAR POR ULTIMO QUE EN NINGÚN MOMENTO SE LLES NOTIFICOU A NINGÚN DOS BENEFICIARIOS QUE NON SE NOS ÍA A PAGAR DITAS AXUDAS.

Por todo o anteriormente exposto presentamos esta moción ante o pleno da corporación para o seu debate e si procede a súa aprobación.

MOCIÓN

1.Acordar a asignación dunha partida económica nos presupostos do ano en curso para facer efectivo o pago das axudas solicitadas polos usuarios anteriormente mencionados.”

O **Sr. Gonzalo Pita** no turno de xustificación da urxencia aludiu á presenza de veciños afectados e a que non quedou clara a situación na intervención da **Sra. Alcaldesa** sobre este asunto, se se ía incluír ou non consignación nos próximos presupostos para aboar as axudas, tratándose dunha cuestión de vontade política.

A **Sra. Alcaldesa** anunciou que ía propoñer ao **Grupo Municipal do Partido Popular** a abstención na votación da urxencia da moción, porque consideraba que debía existir unha fiscalización previa de Intervención, engadindo que os problemas se resolven con responsabilidade e non con demagogía, que coñecen a situación das familias e, que se non se aboaron as axudas, foi por problemas concretos que intentarían arranxar.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou en primeiro lugar que a abstención do goberno municipal presupón que non se aproba a urxencia para tratar esta moción e a continuación dixo que se no ano 2010 se solicitaron estas axudas, agora as condicións non variaron, polo que a urxencia estaba mais que xustificada, aínda que dende o goberno xa deixaron caer que as subvencións eran incompatibles co plan de axuste.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que votarían a favor da urxencia e que estaban conformes co aboamento destas axudas, pero puntualizou que non era cuestión de vontade política, posto que o Concello estaba hipotecado ata o ano 2022, como consecuencia da existencia dun plan de axuste.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que quedou claro que non se podía aprobar o solicitado sen a existencia previa de informes e fixo referencia a que tampouco houbo protestas con anterioridade e se agora, cando os nenos teñen mais de tres anos, aludindo, por último, a que a **Sra. Alcaldesa** manifestou que, de existir conformidade para o pagamento, este xa se tería realizado.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL PARA ACORDAR SOLICITAR AS CONSELLERÍAS DE INFRAESTRUTURAS E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA A IMPLANTACIÓN DUNHA SINALIZACIÓN TURÍSTICA ESPECÍFICA PARA O NOSO DESTINO NA AUTOVÍA VG 4.1 (R. DE ENTRADA NÚM. 1860 DO 31/03/14). O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Os concejales integrantes do Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 31 de MARZO de 2014 a seguinte MOCIÓN URXENTE;

ANTECEDENTES

Moitos visitantes que elixen pernoctar no Concello de Sanxenxo en concreto nos establecementos dos lugares de Major, Foxos, Revolta e da Lanzada reclaman unha mellor sinalización cando entran no noso Concello pola VG 4.1 (vía rápida).

A sinalización existente na VIA RAPIDA VG 4.1 á entrada de Sanxenxo solo lle indica a posibilidade de seguir para o Grove, ou coller a saída 19 dirección Sanxenxo, Portonovo, Villalonga, polo que os visitantes deciden saír pola saída 19 véndose en ocasións na necesidade de parar a preguntar e ter que bordear toda a costa pola PO-308 ou ir por Villalonga para acceder os establecementos das zonas de Major, Foxos, Lanzada e a Revolta o que demostra a existencia dunha deficiente sinalización.

Engadindo a esta innecesaria hostilidade que causa para os visitantes nos últimos kilómetros antes da chegada a destino despois dunha longa viaxe, únese as numerosas retencións que se atopan, e que tamén contribuen a causar de xeito innecesario nos centros urbanos de Sanxenxo e Portonovo.

En todo o traxecto da VG 4.1 so existen duas sinalizacións turísticas (unha para sinalar o Monasterio de

Armenteira (Concello de Meis) e outra para sinalar a ruta dos Muiños (Concello de Ribadumia). O Concello de Coria (Caceres) estreou a finais do 2013 na autovía EX A1 un sistema de sinalización turística con 13 paneles con graficos informativos de enclaves turísticos de cada lugar ou comarca, sin embargo para informar Sanxenxo ou os seus lugares emblemáticos como pode ser a Capela da Virxe da Lanzada non existe ningunha sinal turística.

Sanxenxo está nos maximos niveis como referente turístico, sendo este sector o principal motor económico e como tal, temos que solicitarlle a todas as administracións os esforzos necesarios encamiñados a mellorar a sinalización do noso destino, algo xa demandado a través do Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo polo que solicitamos esta MOCION para o seu debate e aprobación si procede ante o pleno da corporación.

MOCIÓN

1-Solicitar ante as Consellerías de infraestruturas e de turismo da Xunta de Galicia a implantación dunha sinalización turística especifica para o noso destino na autovía VG 4.1.

2-Dar traslado do acordo o Concello do Grove.”

O **Sr. Gonzalo Pita** xustificou a urxencia por ser unha demanda dos establecementos hostaleiros da costa para conseguir unha sinalización turística que non existe, entendendo que dadas as características deste concello tería que facerse esta solicitude.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que ía pedir a abstención ao seu grupo, porque na moción se facía referencia a concellos doutras Comunidades Autónomas, cando a normativa en materia de infraestruturas é distinta e xa se deron casos nos que a Consellería ordenou a retirada de sinais turísticos.

A **Sra. Alcaldesa** afirmou que non comprendía da moción o punto segundo, sobre o traslado da mesma ao Concello de O Grove, posto que o tramo da vía rápida afectado transcorría polo termo municipal de Sanxenxo.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL PARA ACORDAR A REDACCIÓN DUN ESTUDO SOBRE O ESTADO DOS PASOS DE PEÓNS DO NOSO CONCELLO (R. DE ENTRADA NÚM. 1859 DO 31/03/14). O **Sr. Gonzalo Pita**, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura á

moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Os concejales integrantes do Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 31 de MARZO de 2014 a seguinte MOCIÓN URXENTE;

ANTECEDENTES

A seguridade vial e unha das cuestións que mais debe primar para os responsables políticos, máximo cando Sanxenxo é un referente turístico.

Sanxenxo registrou nos últimos catro anos un total de 44 atropellos a peóns según un informe da policía Local de Sanxenxo, sin menoscabo das estadísticas siniestrales que ostentan na delegación de Tráfico de Pontevedra de todos os atropellos que non se producen nos cascos urbanos do noso Concello.

Cada un de eses 44 atropellos teñen unhas circunstancias diversas pero por todos é sabido que hay certos pasos de peóns que son estratéxicamente perigosos pola súa ubicación por unha sinalización deficiente ou simplemente polo desgaste do seu pintado.

Dado a gravidade do tema do que estamos a falar solicitamos a seguinte Moción para o seu debate e aprobación si procede.

1.- Acordar a redacción dun estudo polas forzas de seguridade da Policía Local para determinar o estado dos pasos de peóns do noso Concello, co fin de determinar as deficiencias en materia de sinalización e seguridade.”

O **Sr. Gonzalo Pita** xustificou a urxencia porque este é o derradeiro pleno antes da semana santa, co incremento de usuarios e vehículos que se produce nesas datas, engadindo que houbo 26 atropellos neste concello e é necesario facer todos os esforzos posibles para diminuír esta estatística, de maneira que ninguén poida botar a culpa dos accidentes á existencia de pasos de peóns defectuosos o perigosos para os usuarios.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que ía pedir a abstención ao seu grupo, porque xa dende a Policía Local e dende a Concellería de Infraestruturas se está a facer o seu traballo, onde é competencia municipal e, senón, solicitando a actuación da administración competente.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, anunciou que ían apoiar a urxencia da moción e recordou que, xa no ano 2006, se aprobou unha moción presentada polo seu grupo de estas características, dende entón algo se fixo, pero os atropellos seguen e é imprescindible corrixir o que non se arranxou.

A **Sra. Alcadesa** precisou que dende o concello, no día a día, se está a traballar neste sentido e, onde non se pode actuar, se dirixen ás administracións competentes.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, **a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**----

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE OS LÍMITES CO CONCELLO DE O GROVE. O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Auguín Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**

Dende fai uns días estamos asistindo a un triste e lamentable espectáculo entre o Alcalde de O Grove e a Alcaldesa de Sanxenxo sobre a titularidade da Lanzada. As diferentes manifestacións realizadas por ambos gobernantes son cando menos vergonzosas, dónde están cheas de polémica, descalificacións, insultos, etc pero sen ningunha intención na procura de solución.

Dende o PSdeG-PSOE de Sanxenxo entendemos que as descalificacións i enfrontamentos entre pobos son propios de uns determinados réximes pero non nun país que se rixe por un sistema democrático.

A polémica ven dende fai moitos anos entre os enfrontamentos xudiciais entre a Comunidade de Montes de Noalla e a Comunidade de Montes de San Vicente e o Concello do Grove.

O pasado 17 de marzo por parte do PSdeG-PSOE de Sanxenxo presentamos no Concello un escrito que decía o seguinte:

O PSdeG-PSOE de Sanxenxo solicita ver os planos de deslinde dos Ayuntamientos de Sanxenxo, e o Grove. Lindes dos planos de beiramar da zona da Revolta e Vilalonga ata os límites co Concello de Meaño”.

Tres días despois obtiñamos resposta por parte da Alcaldesa de Sanxenxo que decía:

“En contestación o seu escrito do 17 de Marzo do actual (Rexistro nº 1483) comunícolle que a documentación solicitada (planos de deslinde dos Concellos de Sanxenxo e o Grove), os lindes dos planos da zona da Revolta e Vilalonga ata o concello de Sanxenxo, estase a recopilar e se lle facilitará tan pronto sexa posible”.

O 23 de Marzo leíamos en todos los medios un titular explosivo:

“El Concello de Sanxenxo reclamará la titularidad de toda la extensión de la Playa de la Lanzada”.

Para elo se encargará a un gabinete xurídico a recopilación de documentación para que se fixen os límites do Concello de Sanxenxo.

Os límites naturais do Concello do Grove están moi claros. Como puntos de referencia dos límites están o Con da Gaivota e o Con da Pantoeira, ben coñecidos polos veciños de ambos concellos.

Tamén temos que dicir, que como no Grove e na Toxa se come ben, certas autoridades locais dos dous Concellos acordaron cambiar o linde paralelo o aeródromo da Lanzada. Os que vivimos dende fai anos en este Concello, sabemos que había unha estrada paralela o aeródromo dónde se supoñían os límites dos dous Concellos.

O que nunca estaremos dacordo é que os límites do Concello de Sanxenxo están dónde están na actualidade porque se está tocando o Concello de Sanxenxo.

Tampouco podemos esquecernos de que Sanxenxo conta con un PXOM aprobado dende o ano 2003, donde os límites fixados foron acordados e apoiados por parte do Concello de O Grove, ocasionando unha perda importante de territorio para o Concello de Sanxenxo, por certo, a actual Alcaldesa de Sanxenxo era membro da corporación.

Outros erros detectados no PXOM de Sanxenxo arranxáronse tramitando modificacións puntuais. Case sempre primando o interese particular que antes que o interese xeral, como é neste caso.

Dende o PSdeG-PSOE de Sanxenxo levamos traballando dende fai algún tempo, recopilando información nas diferentes institucións, Biblioteca Municipal de Pontevedra, Rexistro Histórico, etc na procura de intentar esclarecer cales son os límites reais do Concello de Sanxenxo.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Que a recopilación da documentación realizada para fixar os límites do Concello de Sanxenxo se fagan con medios propios sen ocasionar ningún tipo de custo as arcas municipais.
2. Que cesen as hostilidades por parte dos membros do Goberno de Sanxenxo cos representantes do Concello do Grove e procurar a busca de consensos en lugar de discrepancias cos Concellos Veciños e ao apoio a Comunidade de Montes de Noalla.
3. Comprobamos con moita frecuencia que por parte de diferentes institucións falan do complexo intermareal Umia-O Bao-O Grove, omitindo a Sanxenxo, a pesares de que a maior parte do territorio pertence a Sanxenxo. Por todo elo pedimos que por parte da entidade local traslade as diferentes institucións que incluían a Sanxenxo cando falen do complexo intermareal.”

O **Sr. Buezas Méndez** xustificou a urxencia alegando que se trataba dun asunto complicado, no que se debía pedir información ás persoas maiores, engadindo que o límite anterior estaba na caseta vella, que coa situación actual a Revolta case está pechada e que era de xustiza volver aos lindes anteriores, para o que se tería que buscar a documentación que fora necesaria.

A **Sra. Alcaldesa** precisou que non quería conflitos e que non descalificou a ningún, tan só fixo pública a vontade de poñer en marcha o procedemento para volver investigar os límites entre os dous concellos, o que non ten nada que ver cos preitos entre comunidades. A continuación aludiu a que estaba en contra da urxencia, xa que a lei regula o trámite necesario, debendo aportarse a máxima documentación posible e neste sentido aludiu no seu momento a un asesoramento xurídico externo, porque se podía aproveitar documentación xa recompilada.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou que a urxencia viña motivada polo conflito social e institucional existente, lamentando que tivesen que decatarse deste asunto pola prensa, cando o mínimo que se debeu facer dende a alcaldía foi chamar antes aos voceiros dos grupos políticos municipais. A continuación engadiu que todos estaban cos comeneiros de Noalla, que recordou estaban defendendo a súa propiedade e agora se pretende aproveitar esa situación para modificar os límites entre concellos, entendendo que non se tería elexido este momento para formular o

conflicto, se non tería existido o problema da citada comunidade de montes.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, precisou que o importante era debater esta cuestión e que non estaba de acordo coa actuación da **Sra. Alcaldesa,** aludindo a que no Grove pecharon filas e aquí se está a actuar en función dunha proposta individual ou do goberno municipal, indicando que era importante ter a sentenza para debater e dispoñer de referencias históricas, actos administrativos e tamén dun informe de Secretaría sobre as consecuencias, que a estes efectos, pode ter un Plan Xeral de Ordenación Municipal no que se contemplan os lindeiros actuais, cando no momento da súa elaboración debeu revisarse toda a documentación ao respecto. Por último volveu a destacar que era urxente debater este asunto no Pleno.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, dixo que non cría que o Plan Xeral fixase límites entre concellos e que tamén podía ese documento ter erros. O interviniente sinalou que estaba de acordo co fondo da moción, pero non coa súa redacción, resaltando que existe unha desconfianza cos lindeiros actuais e que non houbo hostilidade, senón a manifestación dunha pretensión.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, **a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción,** alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.----**

A **Sra. Alcaldesa** indicou que o expediente de solicitude de modificación de lindeiros tería que vir a Pleno e que se levaba ben co Alcalde do Concello de O Grove.

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA ACORDAR A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA REGULADORA DAS TERRAZAS E UNHA REVISIÓN DAS TAXAS (R. DE ENTRADA NÚM. 1835 DO 31/03/14). O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo,** deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Auguín Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**

En menos dun mes estaremos en Semana Santa. Unha boa parte de comercios, hoteis, apartamentos turísticos, bares, restaurantes, etc que están pechados practicamente o resto do ano abrirán as súas portas para recibir aos turistas que nos visiten en estas datas.

Supoñemos que dentro de poucos días os locais de hostelería empezarán a preparar os seus negocios e as terrazas exteriores.

Dende o PSdeG-PSOE de Sanxenxo entendemos que fai moito tempo que o Concello de Sanxenxo debería de ter unha Ordenanza Reguladora das terrazas. Unha ordenanza que debería definir entre outras cousas os seguintes puntos:

1º Os materiais e os cores utilizados para a montaxe das terrazas debería ser uniforme e dacordo coa zona de ubicación. Non é lóxico que haxa en menos de 5 metros terrazas con distintos materiais, cores, etc

2º Simplificar a documentación que se precisa para o permiso de terraza.

3º Establecer claramente a delimitación de cada terraza e de cada negocio. É necesaria a regulación dos módulos das mesas así como das súas cadeiras dacordo a natureza do paseo, esplanada, etc.

4º A colocación das terrazas non deberá ser impedimento para o paso de viandantes, sillas con neno, persoas en cadeiras, etc.

Ademais na situación de crise económica actual que nos atopamos en moitos locais de hostelería fan un enorme esforzo económico para poder pagar as tasa das terrazas. Entendemos que desde a entidade local debería axudar a paliar a importante crise que están a pasar estes negocios e reducir a taxa que se paga por terraza. Hai determinadas zonas que non teñen o rendimento económico que tiñan noutra época polo que entendemos que debería axudar a paliar esta crise.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Que por parte do Concello de Sanxenxo se proceda a elaboración dunha ordenanza reguladora das terrazas.
2. Que o Concello de Sanxenxo proceda a unha revisión das taxas das terrazas, procedendo a unha rebaixa das mesmas tendo en conta o contexto económico de crise actual.”

O **Sr. Buezas Méndez** xustificou a urxencia porque se leva tempo falando de que se vai redactar unha ordenanza reguladora e vai chegar ao verán sen que estea aprobada, tendo en conta tamén que probablemente teña un período de carencia.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, aludiu a que se está a traballar na redacción da ordenanza, tendo en conta ao sector e engadiu que levan dous anos coas taxas conxeladas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que coñecendo como se está a levar o traballo de redacción da ordenanza, pediu ao proponente que retirara esta moción e recoñecer que xa se está a elaborar.

A **Sra. Alcaldesa** precisou que vía complicado que fose operativa este verán, pero que era importante que estivese ben formulada e consensuada

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, **a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal

Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.----**

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA ACORDAR A REALIZACIÓN DUN ESTUDO PARA ESTABLECER CALES DEBEN SER OS ARENAIS E OS MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS NECESARIOS PARA ADAPTALOS A PERSOAS CON MOVILIDADE REDUCIDA (R. DE ENTRADA NÚM. 1836 DO 31/03/14). A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**

Falta menos de un mes para que chegue a tan esperada Semana Santa e con ela desexamos que cheguen tamén un importante número de turistas que axuden a mellorar a economía local. Desexamos que os ingresos da Semana Santa axude a mellorar a economía dos establecementos hoteleiros, do sector comercial, profesionais independentes, Pymes, autónomos, etc.

Tamén é certo que dende fai moito tempo estamos advertindo que hai que mudar o modelo de turismo que ten Sanxenxo. Aos turistas importalles se fai sol pero tamén lle importa qué pode facer no destino. O deseño de unha proposta de valor é fundamental para os intereses turísticos de Sanxenxo para o presente e para o futuro. Non esquezamos que cada vez hai máis soles e praias dónde elixir a uns prezos moi asequibles. Sanxenxo ten a obriga de explotar outro tipo de turismo que sexa atractivo para quen nos visita e con elo ten resolto o qué facer e non o donde ir.

Temos que reinventar o destino e tampouco podemos esperar moito tempo para facelo. Entendemos que este é un debate o suficientemente importante para os intereses de Sanxenxo que unha moción non reflexaría todo o importante que debería reflexar para mellorar a industria turística de Sanxenxo. Dende o PSdeG-PSOE sempre estaremos dispostos a propoñer ideas que entendemos que mellorarían as expectativas turísticas de Sanxenxo.

Se hai algo polo que se caracteriza Sanxenxo e pola excelencia dos seus arenais e das augas das praias. É certo que cada ano Sanxenxo conta con un importante número de bandeiras azuis. Este último ano concretamente con 13 bandeiras azuis.

A pesares de que Sanxenxo conta con esta cantidade de distintivos, algo que nos enorgullece e nos alegra, tamén somos coñecedores de que hai que procurar facer inversións de moito calado económico que axuden a que as nosas praias contén cos mellores accesos, servizos, etc. Dende o PSdeG-PSOE en máis de unha ocasión fixemos unha serie de propostas para cada un dos arenais de Sanxenxo.

Por outra parte entendemos que máis dun dos arenais de Sanxenxo deberían estar dotados cos medios materiais e humanos para que fosen praias adaptadas para persoas con discapacidade ou mobilidade reducida. Convertir unha praia da zona urbana de Sanxenxo, por exemplo, A Panadeira en praia adaptada para persoas con mobilidade reducida e outra Praia de fora da zona urbana. Estaríamos

facendo un turismo accesible.

Cando falamos de facer praias adaptadas a persoas con mobilidade reducida, non nos referimos soamente a dotalas con prazas de aparcamento para minusválidos, baños para minusválidos, rampas de acceso e barreiras de seguridade, xa que isto o consideramos como básico.

Entendemos dotar as praias con cadeiras adaptadas para poder acceder a zona de baño das persoas con discapacidade, medios humanos formados para axuda das persoas, existencia de un transporte adaptado.

A sociedade actual evolucionou dunha maneira tan satisfactoria que o ter mobilidade reducida non é un impedimento para viaxar e facer turismo. Ademáis o envellecemento da poboación fai que cada vez o número de persoas dependentes sexa cada vez maior por eso entendemos da importancia de que Sanxenxo sexa unha referencia na comarca, provincia ou en Galicia de que conta con arenais adaptados para un turismo accesible.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Que por parte do Concello de Sanxenxo se proceda a un estudio o máis riguroso posible, en colaboración coas diferentes organizacións e institucións adicadas a axuda das persoas con mobilidade reducida, para establecer cales deben ser os arenais e os medios materiais e humanos necesarios para adaptalos as persoas con mobilidade reducida.
2. Que o Concello de Sanxenxo dote a dous arenais como mínimo de Sanxenxo cos medios materiais e humanos para que as persoas con mobilidade reducida poidan disfrutar das praias e facer un turismo accesible para a tempada estival do verán 2014.”

A **Sra. Aguíñ Pombo** xustificou a urxencia porque, para que un concello como este sexa un referente turístico, é importante que algúns areais dispoñan de servizos dos que carecen actualmente, para adaptalos a persoas con mobilidade reducida.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que o voto tiña que ser en contra e non abstención, porque a moción demostra que non coñecen a realidade das praias de Sanxenxo, como a referencia equivocada ao número de bandeiras azuis, posto que son 17 e 14 nas praias, así como a existencia de cinco praias adaptadas e algunhas que non poden utilizar este tipo de acceso, como Paxariñas, engadindo que neste asunto se producen erros na propia páxina web do partido político que presenta a moción. Por último o interviniente, a pregunta da propoñente, explicou que para el a adaptación das praias é o que di a lei, accesibilidade.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que ían votar en sentido negativo, polo descoñecemento da realidade das praias que se manifesta na moción

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, **a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**----

ROGOS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚM. 1861 DO 31/03/14). A Sra. Freijeiro Vázquez, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expoño os membros do goberno local o seguinte **ROGO**:

No exterior do recinto escolar do C.E.I.P. Magaláns-Dorrón, úsase habitualmente o acceso da antiga Casa de Cultura de Dorrón, tanto por alumnos, como por pais, para acceder dende o aparcadoiro superior (aparcamento para pais) ata a entrada do colexio. Este acceso, é moi estreito e atópase en moi mal estado tal e como se pode observar nas fotografías que se xuntan.

No seu momento, cando se fixo o aparcadoiro da parte superior para dar resposta a unha demanda dos pais do colexio a través da ANPA, non se acondicionou este acceso porque había pendente un proxecto de ampliación e mellora para este CEIP, polo que, de forma responsable os pais decidiron que era innecesario gastar cartos en algo que desaparecería en pouco tempo.

Dado que despois de tanto tempo de espera, o proxecto está olvidado pola Consellería de Educación e polo Grupo de Goberno do Concello de Sanxenxo, aínda que non polos pais solicitamos o seguinte **ROGO**:

Fagan as xestións necesarias para acondicionar o acceso para facilitar o paso dos usuarios, instalando ademáis unha baranda ó longo do percorrido para evitar posibles accidentes.”-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚM. 1862 DO 31/03/14). A González Serén, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expoño os membros do goberno local o seguinte **ROGO**:

Pasamos a relacionar un listado con fotografías adxuntas con denuncias vecinales que nos foron chegando:

1.- O carón da estrada PO-308 en plena entrada da vila de Portonovo á altura da piscina municipal atopase dende fai moito tempo un rotulo vertical totalmente roto e cos cables e reactancias o descuberto. (ADXUNTASE FOTO Nº 1).

2.- Na mesma dirección 20 metros hacia o centro medico atopase unha farola do alumbrado público seccionada a uns 50 cm do chan con rebarbos e cableado dentro moi perigosos, según manifestacións dos veciños dende o pasado día de San Roque. (ADXUNTASE FOTO Nº 2).

3.- O muro que contén a plaza de fonte de ons ó lado da entrada do Parkin esta nun estado lamentable. (ADXUNTASE FOTO Nº 3).

4.- A acera pública de Padriñán á altura de Talleres Sanxenxo cheas de erbas e verdín perigoso para os peóns. (ADXUNTASE FOTO Nº 4).

5.- Caixa de rexistro con cables soltos ó descuberto atornillado a un poste do alumbrado público no cruce que hai para coller cara a Rial ou cara a Barrosa. (ADXUNTASE FOTO Nº 5).

6.- Señalizacións oxidadas e deterioradas no entorno da Lanzada. (ADXUNTASE FOTOGRAFÍAS Nº 6 E Nº 7).

7.- Señal na rotonda do bao cara A Revolta a sinal este lugar non se lle o que pon. (ADXUNTASE FOTO Nº 8).

8.- Acera de cemento e irregular no casco urbán de Sanxenxo baixando e pegada ó hotel Terraza. (ADXUNTASE FOTO Nº 9).

ROGO

Fagan as xestións necesarias para subsanar as deficiencias mencionadas.”

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que intentarían arranxar todas as deficiencias que poidan dende o concello e que había que procurar cumprir o regulamento municipal e non presentar nun mesmo escrito varios rogos, como neste caso.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. A Sra. Freijeiro Vázquez, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expoño os membros do goberno local:

EXPOÑO:

O aparcadoiro da Praia de Areas, anexo ó parque infantil, atópase co firme nun estado lamentable. As raíces das árbores, levantaron a zona asfaltada e os alcorques das mesmas árbores. Ademais, a día de hoxe, aínda se atopa a base dunha árbore caída fai xa varias semanas (xunto fotografías da zona).

No pleno de maio de 2013, xa fixéramos referencia a este tema, ademais de moitos outros, con respecto a mala imaxe que dan estas cousas ós nosos visitantes. Por todo o anteriormente citado

ROGO:

Fagan as xestións necesarias para facer unha actuación completa no aparcadoiro da Praia de Areas, repoñendo o firme e os elementos necesarios.”-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO. O Sr. Piñeiro Taboada, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“**ROGO** que formula Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Dende fai moito tempo, veñen acumulándose as queixas dos veciños da Rúa da Perla polo mal estado do asfalto, facendo fincapé na cantidade de danos existentes entre a Rúa da Perla e os Loureiros.

ROGO: Que por parte desta Alcaldía se adopten con urxencia as medidas necesarias para subsanar as mencionadas deficiencias.”

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que esperaba que a Deputación comezase as obras de arranxo despois de Semana Santa.-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚM. 1838 DO 31/03/14). O Sr. **Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“**ROGO** que formula Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

En toda a estrada da Adina só hai unha papeleira. Entendemos que en determinadas zonas como nas proximidades dun colexio, ao lado do cementerio, preto da Casa de Cultura, ao lado das marquesinas deberían colocarse papeleiras.

ROGO: Que por parte de esta Alcaldía se adopten con urxencia as medidas necesarias para subsanar as mencionadas deficiencias.”-----

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚM. 1837 DO 31/03/14). O Sr. **Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“**ROGO** que formula Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Na rúa San Roque en pleno centro de Portonovo, hai una explanada que serve de aparcadoiro de coches, que está cheo de maleza, escombros, etc. Actualmente parece un auténtico vertedoiro. Independentemente de que os vertedoiros non deben existir en ningún lugar, moito pleno en pleno centro de Portonovo, preto da igrexa e do casco histórico. Adxuntamos fotografías.

ROGO: Que por parte de esta Alcaldía se adopten con urxencia as medidas necesarias para subsanar as mencionadas deficiencias.”-----

7º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO. O Sr. **Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“**ROGO** que formula Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Rogamos que por parte de Turismo de Sanxenxo traslade os diferentes touroperadores que nos visitan que corrixan a Capela da Lanzada está na Concello de Sanxenxo non no Concello do Grove. Quero recordarlles que antiguamente a Capela da Virxe da Lanzada chamábase Capela Virxe das Areas. Polo tanto conforme se pudo cambiar o nome da Virxe con moita máis razón se podrá pedir que por parte dos touroperadores corrixan a ubicación.

ROGO: Que por parte de esta Alcaldía se adopten con urxencia as medidas necesarias para subsanar as mencionadas deficiencias.”

A **Sra. Alcaldesa** indicou que sería interesante coñecer os operadores turísticos que cometen ese erro para solicitarlles á súa corrección.-----

8º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dixo que, na esquina das rúas Castelao e Progreso, as beirarrúas están en mal estado, cun paso de peóns incongruente, sendo necesario realizar o arranxo correspondente e proceder ao traslado do paso peonil.-----

9º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aludiu a que o antigo Colexio Casal en Noalla estaba tapiado o seu acceso e dentro había un número considerable de pneumáticos en mal estado, que deben retirarse canto antes e volver pechar. **O Sr.Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto,** manifestou que cría que xa se sacaron do citado recinto e a **Sra. Alcaldesa** que o comprobarían.-----

PREGUNTAS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚMERO 1864 DO 31/03/14). A **Sra. Freijeiro Vázquez, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal,** deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

No pleno do 18-10-2013 foi aprobada a modificación da ordenanza da taxa por documentos que expidan ou entendan o concello ou as autoridades locais a instancia de parte, introducindo a creación dunha nova taxa de 10 euros pola consulta de expedientes.

Despois da publicación no BOP nº 207 de fecha 28-10-2013 S.A.L. presentou con fecha 27-11-2013 as alegacións pertinentes por non estar de acordo coa legalidade da aprobación desta taxa, as cales a día de hoxe están sen resolver polo que formulamos a seguinte PREGUNTA

¿Teñen vostedes pensado resolver as alegacións formuladas por S.A.L. ou polo contrario e por segundo ano consecutivo están asumindo que propuxeron esta taxa de forma irregular?.”

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, contestou que, no Boletín Oficial do Estado do 10 de decembro de 2013, se publicou a Lei de Transparencia que impide este tipo de taxa.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚMERO 1865 DO 31/03/14). A Sra. **González Serén, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

No pleno do 29-07-2013 foi aprobada unha moción presentada por S.A.L. para reponer e adaptar en materia de accesibilidade as aceras da PO-504 no traxecto dende VILLALONGA ata SANXENXO.

PREGUNTA

¿Qué xestións se fixeron para dar cumprimento a esta moción?.”

O Sr. Sanmartín Quiñones, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, respondeu que xa están case rematadas as obras de arranxo das beirarrúas e pronto se acometeran as de accesibilidade.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R. DE ENTRADA NÚMERO 1863 DO 31/03/14). O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

No pleno ordinario do 25-11-2013 S.A.L. presentou unha moción solicitando a modificación puntual no PXOM necesaria para dar cobertura legal á futura reubicación do quiosco situado dentro da plaza de Villalonga, co obxecto de dar cumprimento ó convenio establecido entre o Concello e o propietario dos terreos, podendo así recepcionar a plaza de forma pública.

A mencionada moción foi aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

Na sesión plenaria do 27-01-13 S.A.L. formulaba a través dunha pregunta cales habían sido os avances que se fixeran en este senso, contestando a Sra presidenta que se estaba a tramitar na xerencia de urbanismo.

Xa que os meses van pasando e segundo a resposta da Sra. alcaldesa e que se está a tramitar quixeramos formular a seguinte

PREGUNTA

¿Cal e o número de expediente de esta modificación puntual?.”

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, contestou que a modificación tiña o número 6 e que nela se incluían varios viais da Xunta.-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 1839 DO 31/03/14). A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte

PREGUNTA

O pasado 21 de Marzo leíamos nos diferentes medios:

“La alcaldesa de Sanxenxo, Catalina González Bea, planteó una consulta oficial ante el presidente de la.....

Federación Española de Municipios y Provincias, y también ante su homólogo de la sección gallega, sobre la potestad de la Administración local para contratar los servicios de las playas.

Y es que el nuevo marco normativo estatal, establecido por la Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración local, limita el ámbito competencial de los ayuntamientos y deja en el aire la posibilidad de realizar acciones de gasto fundamentales en un municipio turístico como Sanxenxo.

Entre ellas se encuentra el servicio de balizamiento de playas para la señalización de áreas de baño, socorrismo, salvamento, mantenimiento y reparación de accesos e instalaciones como baños, además de otros trabajos y estudios técnicos.

Ante esto, el Gobierno local pregunta “si se puede continuar con dichas acciones de gasto, o si por el contrario el Ayuntamiento carece de competencia, capacidad o legitimidad para prestar estos servicios”.

Pode decirnos a día de hoxe si obtivo xa a respoata e se a obtivo pode decirnos cal foi?”

A **Sra. Alcaldesa** respondeu que aínda non recibiron contestación.-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 1841 DO 31/03/14). A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura ao seguinte escrito:

“Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte

PREGUNTA

O pasado 10 de Marzo o PSdeG-PSOE de Sanxenxo presentou un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo que decía:

“Vista a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, sobre o cobro do céntimo sanitario, que considerou este como contrario ao dereito comunitario, e que pode ser reclamado non só por particulares e empresarios senón tamén por organismos públicos, presentando a facturación do consumo de combustible da flota de vehículos municipais.

SOLICITA:

Que a maior brevidade posible, os servizos xurídicos municipais estudien as posibilidades de esta entidade local cara a reclamar de xeito correcto a devolución dos importes abonados polo consumo de gasoil do parque municipal de vehículos, caldeiras, etc dos últimos catro anos.

Que os servizos técnicos municipais evalúen a posibilidade de ampliar a reclamación a todo o período impositivo en que estivo en vigor este tributo de acordo a lei 30/1992 de Réximen Xurídico das Administracións e de procedemento común, que regula a responsabilidade patrimonial das administracións públicas e a obrigaón de estas de reparar o dano causado polo mal funcionamento.

Que o goberno habilite os mecanismos necesarios para poder informar a particulares, transportistas autónomos, gandeiros, ou empresarios do Concello de Sanxenxo sobre os pasos a seguir para a devolución mediante vía administrativa”.

Podería decirnos si por parte dos servizos xurídicos municipais estudaron a posibilidade de que esta entidade local reclame a devolución dos importes abonados polo consumo de gasoil?.”

A **Sra. Alcaldesa** contestou que se estaba a traballar neste tema en Tesouraría, vendo o seu posible alcance, xa que por un lado parecía que abrangía 4 anos e por outro que podía afectar aos últimos dez anos.-----

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 1840 DO 31/03/14). O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, deu lectura ao seguinte escrito:

“Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte

PREGUNTA

No pleno ordinario celebrado o pasado mes de Novembro o Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo presentou unha moción no pleno, que foi aprobada por unanimidade na que se acordaba:

“Que por parte do Concello de Sanxenxo se proceda a elaboración dun Plan Estratéxico do Comercio, ben elaborado de forma interna ou mediante contratación externa que teña como finalidade analizar a situación actual na que se atopa o sector comercial no Concello de Sanxenxo e fixar os obxectivos e estratexias a curto, medio e longo prazo como un elemento de dinamización da economía local”.

Xa pasaron 4 meses dende que se aprobou a mencionada moción, pode decirnos que tipo de xestións se levaron a cabo por parte do goberno local para dar cumprimento o acordado na moción?.”

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, respondeu que xa tivo reunións coas asociacións de comerciantes e praceiras e están a traballar ao respecto, valorando se se vai facer unha contratación externa.-----

7º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 1842 DO 31/03/14). O Sr. Piñeiro Taboada, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, deu lectura ao seguinte escrito:

“Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte

PREGUNTA

pode enumerarnos a relación de todas as axudas e subvencións, tramitadas pola entidade local, así como demais entidades, para a recuperación de espazos naturais, rutas de sendeirismo, etc?”

A Sra. Alcaldesa aclarou que non podía contestar, porque a pregunta aínda tivo entrada no concello o día de hoxe, pero que buscarían os datos e llos trasladarían.-----

8º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dixo que, no PEI de Canelas, a Asociación de Veciños de Portonovo denunciou unha grúa nunha obra que está parada e que, independentemente de cuestións de seguridade, produce unha grande incomodidade, preguntando se á postura municipal vai ser permitir que se perpetúe a situación ou obrigar ao promotor a retirala. A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, contestou que a Policía Local verificou a situación da grúa e se fixo o correspondente requirimento ao promotor, aínda que non existe moito marxe de manobra, engadindo que parece haber intención de continuar a obra antes do verán, no caso de encontrar financiamento.-----

9º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, preguntou polo anunciado na prensa respecto da celebración dunha Xunta Xeral de Nauta para destituír do Consello de Administración da citada mercantil a Pedro Campos, contestando a Sra. Alcaldesa que a reunión está pendente da realización o próximo mércores dun Consello de Administración, logo do cal se procederá a convocar a Xunta Xeral de Nauta, se ben pensaban que podía coincidir coa celebración desta sesión, o que non foi posible.-----

10º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, preguntou a razón pola que o Pazo de Quintáns caeu da lista para a súa posible inclusión como pousada da Deputación de Pontevedra, contestando a Sra. Alcaldesa que o citado Pazo non caeu de nada e espera ter pronto novidades, engadindo que a intención nunca foi dedicar todo o inmovible a uso hostaleiro, senón utilizar parte para informar das salinas de Noalla, o que está relacionado coa súa adquisición.-----

11º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, preguntou á Sra. Alcaldesa se considerou oportuna a celebración dun acto no Concello de O

Grove, no que o protagonista era o Concello de Sanxenxo, como compoñente da Asociación de Vilas Mariñeiras, respondendo a interpelada que se utilizou para ese acto a Escola de Hostalaría da Mancomunidade do Salnés, á que este concello pertence, o que está permitido na referida Asociación.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar a **Presidenta** dá por rematada a sesión, sendo as vinte e tres horas e e corenta e cinco minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**